

TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA.

Son alteracións complexas debidas a diversas causas (psíquicas, físicas e sociais).

A OMS (Organización Mundial da Saúde) clasificou a anorexia e a bulimia como trastornos mentais e de comportamento. Afectan principalmente á poboación feminina entre 15 e 18 anos, pero observase un aumento da súa aparición entre a poboación masculina e idades máis novas.

Posibles causas:

- Factores biolóxicos: poden facer que unha persoa sexa máis vulnerable, por exemplo, a idade ou o sexo.
- Factores psicolóxicos: rasgos psíquicos como o perfeccionismo, a procura de aprobación, o temor á crítica, a baixa autoestima, a depresión ou a ansiedade.
- Factores culturais e sociais: excesivo culto ao corpo e cánones de beleza baseados na extrema delgadez e un corpo "perfecto".

TCA máis frecuentes:

1. ANOREXIA NERVIOSA

Maniféstase como unha perda de peso excesiva.

Alteración psíquica:

- Medo irracional a engordar e obsesión por adelgazar, por unha preocupación desmedida polo peso a e figura
- Distorsión da imaxe corporal.
- Negación do problema.
- Depresión, cambios no carácter, irritabilidade, dificultade para expresar os seus sentimentos e illamento.
- Sentimento de incompetencia e falta de autoestima.

Problemas físicos asociados:

- Restrición doas alimentos máis calóricos ou realización de xaxún.
- Perda de peso (15% menos do normopeso).
- Perda de varios períodos menstruais.
- Insomnio.
- Trastornos cardiovasculares.
- Dor abdominal.
- Problemas renais.
- Hipotensión.
- Estrinximento.
- Morte → Desnutrición grave.

2. BULIMIA NERVIOSA

Manifestase por ciclos de atracóns seguidos de conductas purgativas para compensar (vómitos, laxantes, diuréticos ou dietas restritivas).

Alteración psíquica:

- Episodios repetitivos de atracóns seguidos de purgas.
- Inxestas rápidas e a escondidas de alimentos.
- Sensación de perda de control, de non poder parar durante os atracóns.
- Distorsión da imaxe corporal.
- Sentimento de culpa posterior.

Problemas físicos asociados:

- Aspecto aparentemente saudable, normalmente entre o normopeso ou o sobrepeso, o que fai difícil a detección precoz.
- Deshidratación debido aos vómitos e ao abuso de diuréticos.
- Mal funcionamento dos riles (debido á falta de K).
- Latexo irregular.
- Debilidade muscular.
- Danos no esófago e no esmalte dental.

3. TRASTORNO POR ATRACÓN

Manifestase por períodos de atracóns pero sen conductas compensatorias.

Alteración psíquica:

- Episodios repetitivos de atracóns cunha absoluta perda de control.
- Inxestas rápidas e a escondidas.
- Sentimento de culpa tras o atracón.
- Depresión e ansiedade.

Problemas físicos asociados:

- Normalmente con sobrepeso, chegando a ter obesidade severa.
- Hipertensión.
- Colesterol alto.
- Enfermidades cardíacas.
- Diabetes
- Problemas óseos: artrite, dor de costas.